



El contenido que se muestra a continuación es una versión del [BOP oficial, auténtico y firmado electrónicamente en PDF.](#)

Administración local

Municipal

Narón

Secretaría

Traducción automática
gallego - castellano

Reglas de la competencia de oposición-concurso para la provisión de 16 puestos de personal de servicios de emergencia (SPEIS Narón) por procedimiento tasa de estabilización temporal adicional del empleo temporal

BASES DE LA CONVOCATORIA PARA LA COMPETENCIA PARA EL SUMINISTRO DE PROPIEDAD EN LUGARES DE FUNCIONARIOS servicio de emergencia 16, (SPEIS Naron) PROCEDIMIENTO PARA LA ESTABILIZACIÓN para los precios del trabajo temporal

BASES GENERALES

Primero Objeto de la convocatoria

1. Objeto. El propósito de esta convocatoria es la provisión, mediante un proceso extraordinario de la tasa adicional de estabilización temporal del empleo, de 15 vacantes para agentes de bomberos y el lugar de un oficial de bomberos, incluido en la oferta pública extraordinaria de empleo para el año 2018. .

2. Disposiciones aplicables. El actual decreto legislativo 5/2015, con fecha 30 de octubre, se aplicará a estas pruebas selectivas, que aprueban el texto consolidado de la Ley sobre el estado básico del empleado público; Ley 7/1985, de 2 de abril, de bases del régimen local; La Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas; Ley 40/2015, de 1 de octubre, del ordenamiento jurídico del sector público; la Ley de Presupuesto General del Estado para 2018, Real Decreto 2271/2004, de 3 de diciembre, que regula el acceso al empleo público y la provisión de puestos de trabajo para personas con discapacidad; Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, que establece las normas básicas y los programas mínimos del procedimiento de selección para los funcionarios de la Administración local; y dispuestas en la presente convocatoria.

3. Procedimiento de selección. El sistema selectivo será el de concurso-oposición, que constará de dos fases: fase de oposición y fase de concurso, con las pruebas, puntajes y méritos que se especifican en los correspondientes anexos de estas bases. Se garantizará el cumplimiento de los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.

4. El programa temático que debe regir las pruebas selectivas será el que aparezca en el anexo correspondiente de cada una de las bases específicas.

5. Aquellos candidatos que, además de los puntajes de las fases de oposición y competición, obtendrán el puntaje más alto, sin que su número sea mayor que el número de asientos otorgados.

6. Una vez completado el proceso selectivo, quien lo supere y certifique el cumplimiento de los requisitos legales, será nombrado funcionario.

7. La primera fase de la fase de oposición se llevará a cabo en la fecha, hora y lugar que se establezca por resolución de la Alcaldía, que se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia y el panel de edicto municipal, que aprueba las listas de personas admitidas y excluidas. Entre el primer año y el segundo, debe transcurrir un período mínimo de 72 horas y un máximo de 45 días calendario.

8. La información relacionada con el proceso selectivo, una vez que se haya constituido el tribunal de calificación, se mostrará al público en el tablón de anuncios del Concejo Municipal y en el sitio web municipal.

Segundo Requisitos de los candidatos.

Para participar en el pueblo proceso de selección debe tener candidatos en el día de la fecha límite de presentación de solicitudes, y mantenerse hasta el momento de su nombramiento, los requisitos generales de acceso a público y, en particular, los siguientes:

1. Nacionalidad:

a) Tener nacionalidad española.

b) Ser ciudadano de cualquier otro Estado miembro de la Unión Europea.

c) Cualquiera que sea su nacionalidad, cónyuge de españoles y nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de la ley y que sus descendientes y los de su cónyuge tengan menos de veintiún años de edad o más de esta edad dependientes

d) Personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados internacionales celebrados por la Unión Europea y ratificados por España en los que se aplica a la libre circulación de trabajadores, en los términos establecidos en la sección 1 del artículo 57 del texto consolidado de la Ley sobre el estatuto básico del trabajador. público

2. Edad: haber cumplido los dieciséis años y no exceder la edad máxima de jubilación forzada.

3. Grado: estar en posesión del grado requerido en las bases específicas o en condiciones para obtenerlo, pagando los derechos a ser expedidos. En el caso de títulos obtenidos en el extranjero, deberá estar en posesión del correspondiente certificado de aprobación.

4. Capacidad: tener la capacidad funcional para el desempeño de las tareas típicas de los lugares convocados.

5. Habilitación: no estar separado mediante un registro disciplinario del servicio de ninguna de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni estar en descalificación absoluta o especial para puestos de trabajo u oficinas públicas por resolución judicial, para acceder a cuerpos o escalas de los funcionarios. En el caso de ser nacional de otro Estado, además, no ser descalificado o en una situación equivalente o sujeto a una sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su Estado, el mismo acceso al empleo público.

Todos los requisitos enumerados en las secciones anteriores deben cumplirse el día del final del período de presentación de la solicitud y mantenerlos hasta el momento de tomar la escala a la que se le demandó.

Tercero Solicitudes

1. Modelo de solicitud. Quien desee participar neste proceso selectivo presentará a solicitud dirixida á Alcaldía-Presidencia do Concello de Narón no modelo que figura na web municipal:

<http://www.naron.es/web/cat/é/concello/oposicións/get/ido/77/idCat/2;>

e nela os/as aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas no apartado anterior, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

2. Presentación de solicitudes e prazo. A presentación de solicitudes realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Narón, a través do Rexistro Telemático ou nas formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado, e dirixiranse á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Narón

As persoas participantes que presenten a solicitud noutros rexistros distintos aos do Concello de Narón deberán remitir unha copia desta, dentro do prazo de presentación de solicitudes, ao seguinte correo electrónico: naron@naron.es

3. Documentación. No prazo indicado no apartado anterior acompañaranse á solicitud os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade. Os nacionais doutros estados deberán presentar fotocopia do pasaporte ou do número de identidade estranxeiro nos que se acredite a súa nacionalidade.
- b) Fotocopia do título académico esixido para o ingreso ou da xustificación acreditativa de telo solicitado e aboado os correspondentes dereitos para a súa expedición. Nese caso deberase achegar, ademais, unha fotocopia de certificación académica comprensiva de todas as materias cursadas onde conste expresamente que finalizou os estudos conducentes á obtención do título. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentarse fotocopia da correspondente credencial de homologación.
- c) As persoas aspirantes con grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% deberán presentar fotocopia do certificado acreditativo de tal condición, en vigor, expedido polo órgano competente.
- d) Acreditación dos méritos a valorar na fase de concurso, mediante certificado de servizos prestados, e copia compulsada dos títulos que posúa a persoa aspirante.
- e) Xustificante da taxa por dereitos de exame.

Dentro do prazo de presentación de instancias será necesario satisfacer o pago da taxa por dereitos de exame na contía que se indique nas bases específicas de cada convocatoria.

O importe da taxa farase efectivo mediante modelo de ingreso de autoliquidación que poderá obterse personándose nas oficinas dos Servizos Económicos municipais (sitos na 4ª planta do Concello), ou ben, ser solicitado, en horario de oficina de 8:30 a 13:30 horas, por correo electrónico á dirección tesoureria@naron.es indicándose neste caso os datos fiscais do solicitante (nome completo, NIF, domicilio fiscal) así como o concepto e importe da taxa que se pretende satisfacer.

O pago de dito importe deberá realizarse nas entidades bancarias colaboradoras que en dito documento de ingreso se indican adxuntándose o xustificante de pagamento á instancia.

Calesqueira dúbida ou aclaración sobre esta cuestión poderá plantexarse no teléfono 981 337700 Extensións 1406, 1407, 1011, 1408.

4. Vinculación aos datos. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos e documentación que fagan constar ou acheguen nas súas solicitudes, podendo demandar a súa emenda, se é o caso, mediante un escrito motivado, dentro do prazo dos 10 días seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Logo de que transcorra ese prazo non se admitirá ningunha petición desta natureza.

5. Emenda de erros. Os erros de feito que puidesen advertirse poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou por petición da persoa interesada.

6. A non presentación da solicitud de participación en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

Cuarta. Admisión de aspirantes

1. Relación de persoas admitidas e excluídas. Logo de que transcorra o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldesa-presidenta ditará resolución declarando aprobada provisionalmente a lista de persoas admitidas e excluídas. Na citada resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, indicaranse os lugares nos que se atopen expostas ao público as listas completas de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión.

2. Prazo de emenda. As persoas aspirantes excluídas, así como as que non figuren nin na relación de persoas admitidas nin na de

2. **Prazo de emenda.** As persoas aspirantes excluídas, así como as que non figuren nin na relación de persoas admitidas nin na de excluídas, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no BOP da Coruña, para poder emendar os defectos que motiven a exclusión ou omisión. As persoas que dentro do prazo sinalado non os emenden quedarán definitivamente excluídas da participación no proceso selectivo.

3. **Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.** Finalizado o prazo de emenda, ditarase resolución de Alcaldía pola que se aprobe a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, entendéndose desestimadas as reclamacións non incluídas nesta. Ademais, nesta resolución, a proposta do tribunal cualificador, farase constar a data, lugar e hora de celebración do primeiro exercicio da fase de oposición.

4. **Contra a resolución** pola que se aprobe a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas poderá interporse un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou ben, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante os xulgados do Contencioso-Administrativo, ambos os prazos contados a partir da súa publicación.

Quinta. Tribunal cualificador

1. **Composición.** O tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco membros, un/ha presidente/a, tres vogais, e o secretario xeral do Concello ou persoa en quen delegue, todos eles empregados públicos pertencentes ao mesmo ou superior subgrupo que as prazas convocadas, designados pola Alcaldía. A pertenza ao tribunal cualificador será a título individual, sen que poida exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

2. **Abstención e recusación.** Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no devandito artigo. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran algunha das citadas circunstancias.

3. **Cambio de composición.** Con anterioridade ao comezo das probas selectivas, a autoridade convocante ditará resolución pola que se nomee, de entre os suplentes, novos membros do tribunal que substitúan aos titulares que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas no apartado anterior. A nova composición publicarase no BOP da Coruña.

4. **Constitución e sesións.** Previa convocatoria do/a presidente/a, constituirase o tribunal coa asistencia obrigada de presidente/a e secretario/a e da metade, polo menos, dos seus membros. Na sesión constitutiva, o tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan en orde ao correcto desenvolvemento do proceso selectivo. A partir da súa constitución, e para o resto dos procesos.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

1. **Celebración dos exercicios da fase de oposición.** A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio fixarase na resolución de Alcaldía, que se publicará no BOP da Coruña, pola que se aprobe a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. A data, hora e lugar de celebración do segundo exercicio da fase de oposición xunto á relación de persoas aspirantes que superen o primeiro exercicio, farase pública polo tribunal no taboleiro de edictos municipal e páxina web do Concello.

2. **Chamamento único.** As persoas aspirantes serán convocadas para a realización dos exercicios en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non comparezan, salvo nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

3. **Orde de actuación.** A orde de actuación das persoas opositoras iniciarase alfabeticamente pola persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra «Ñ». No caso de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra «Ñ», a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «O», e así sucesivamente, atendendo ao último sorteo realizado pola Secretaría de Estado de Función Pública e de conformidade co establecido na Resolución do 11 de abril de 2018 (Boletín Oficial do Estado do 14 de abril nº 91).

4. **Acreditación da identidade.** En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polos membros do tribunal coa finalidade de acreditar a súa personalidade e identidade.

Sétima. Relación de persoas aprobadas

1. **Relación de persoas aprobadas na fase de oposición.** Ao finalizar cada un dos exercicios da fase de oposición o tribunal fará públicas, nos lugares establecidos, as relacións de persoas aspirantes que superen estes, con indicación da puntuación obtida e do documento nacional de identidade. As persoas opositoras que non se atopen incluídas nestas relacións terán a consideración de non aptas para todos os efectos, quedando eliminadas do proceso selectivo. No entanto, contra as mencionadas relacións poderán presentarse alegacións, ante o tribunal, no prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación destas.

2. **Relación de puntuacións na fase de concurso.** Igualmente, unha vez finalizada a fase de oposición e unha vez baremados os méritos das persoas aspirantes que a superaron, o tribunal fará pública, nos lugares establecidos, a relación de puntuacións obtidas na fase de concurso, con indicación expresa dos puntos obtidos en cada un dos méritos obxecto de valoración. As persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación da citada relación, para efectuar as alegacións pertinentes.

3. **Relación definitiva de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.** Culminado o prazo anterior e resoltas as reclamacións, se as houbese, o tribunal fará pública nos lugares establecidos na base primeira, apartado 8, a relación definitiva de persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, pola cota xeral e polo de discapacitados, por orde de puntuación e con indicación do documento nacional de identidade, na que constarán as cualificacións obtidas na fase de oposición, as puntuacións da fase de concurso e a puntuación final, constituída pola suma das puntuacións de ambas as fases. Contra esta relación definitiva poderase interpor un recurso de alzada ante a Sra. Alcaldesa no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

4. **A motivación da relación de persoas aspirantes aprobadas,** en canto ao acto administrativo emanado da discrecionalidade técnica e independencia do tribunal e que pon fin ao proceso selectivo, estará referida ao cumprimento das normas regulamentarias e das

bases da convocatoria.

5. Número de persoas aprobadas. O número de persoas aprobadas nas probas selectivas non poderá ser superior ao de prazas convocadas.

6. O presidente do tribunal enviará unha copia certificada da devandita relación á Alcaldía, con proposta de nomeamento de funcionarios de carreira.

7. Non obstante o anterior, co fin de asegurar a cobertura das prazas cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira. Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias, os supostos referidos aos aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida na base novena ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos establecidos na convocatoria.

Oitava. Presentación de documentación e nomeamento como funcionario/a de carreira

1. Documentación a presentar. As persoas aspirantes propostas achegarán no Servizo de Recursos Humanos do Concello, dentro do prazo de 20 días naturais desde que se publique relación definitiva de persoas aprobadas a que se refire o apartado 3 da base Sétima, a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria. Os documentos a presentar serán os seguintes:

a) Orixinal e copia do documento nacional de identidade, en vigor. Para os nacionais doutros estados, do pasaporte ou do número de identidade estranxeiro, en vigor, e se é o caso, da documentación que fose precisa para os efectos de acreditar o cumprimento do requisito de nacionalidade nos termos establecidos na base segunda, apartado 1 da presente convocatoria.

b) Orixinal e copia do título académico oficial esixido para o ingreso ou da xustificación acreditativa de telo solicitado e aboado os correspondentes dereitos para a súa expedición, nese caso deberá achegar, ademais, certificación académica comprensiva de todas as materias cursadas onde conste expresamente que finalizou os estudos conducentes á obtención do título. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentarse a correspondente credencial de homologación.

c) Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, deberá presentar, ademais, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Certificado médico que acredite posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto obxecto do proceso selectivo. No caso de persoas aspirantes con discapacidade deberán achegar certificado vixente, expedido polo órgano competente, que acredite tal condición, o grao de discapacidade e no que conste a súa capacidade funcional para o desempeño das tarefas e funcións propias dos postos de traballo convocados.

2. Anulación de actuacións. quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados funcionarios/as, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade na solicitude de participación.

3. Nomeamentos. Pola autoridade convocante, e a proposta do tribunal cualificador, procederase ao nomeamento de funcionario/a, mediante resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Calquera resolución que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

4. Toma de posesión. A toma de posesión das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á data de publicación do seu nomeamento como funcionario de carreira no Boletín Oficial da Coruña.

5. Lista de substitucións. Coa finalidade de que a selección de funcionarios interinos nos corpos convocados por esta resolución se realice mediante procedementos áxiles, o tribunal remitirá á Alcaldía-Presidencia as listas de candidatos que superaron o proceso selectivo, de maneira consecutiva e por estrita orde correlativa de puntuación total final pero que non obteñan praza, para os efectos de crear unha bolsa para nomeamento de interinos a favor dos aspirantes que figuren nas mesmas. Para as normas de xestión dos chamamentos estarase ao que determina o regulamento de selección de persoal funcionario interino e persoal laboral do Concello de Narón aprobado polo Concello Pleno o día 28 de abril de 2011 e publicado no BOP da Coruña nº 115, do 17 de xuño de 2011.

Novena. Impugnación

1. Contra a resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interperse, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante os xulgados do Contencioso-Administrativo, ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2. Contra os actos que se deriven da aplicación das bases e as actuacións do tribunal poderase interpor un recurso de alzada ante o titular da Alcaldía polas persoas interesadas de conformidade co establecido no artigo 121 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Para estes efectos poderán ser recorridas as resolucións do tribunal, así como os actos de trámite que impidan continuar no procedemento ou produzan indefensión. A resolución do recurso versará estritamente sobre cuestións de legalidade sen afectar ao principio de discrecionalidade técnica dos órganos de selección, nin ao carácter vinculante da proposta de resolución do proceso selectivo.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA DE PROBAS SELECTIVAS PARA PROVER 15 PRAZAS DE AXENTES BOMBEIROS/AS-CONDUTORES/AS

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a provisión de quince (15) axentes de emerxencias bombeiros/as-condutores/as, funcionarios/as da Administración especial, subescala labores especiais, clase extinción de incendios grupo C, subgrupo C2.

1. FUNCÍONS DAS PRAZAS

1. As xerais que figuran na lexislación do servizo
2. Extinción de incendios forestais, urbanos, rurais e industriais.
3. Excarceración (liberación) en accidentes de tráfico, ferroviarios e aéreos.
4. Rescates acuáticos.
5. Rescates verticais e evacuacións.
6. Urgencias con mercadorías perigosas.
7. Retirada de elementos perigosos.
8. Procura de vítimas de catástrofes.
9. Urgencias menores como rescate de animais atrapados ou asistencia técnica en tubaxes principais.

Así mesmo, os axentes estarán obrigados a manter en forma continuada as súas condicións de aptitude física e profesional, mediante a asistencia a cursos de formación física, teórica e prácticas, así como asistir aos cursos de perfeccionamento profesional considerados necesarios pola xefatura do servizo.

2. REQUISITOS

Ademais dos requisitos xerais expresados na base segunda das bases xerais, son requisitos para acceder ás prazas de axentes bombeiros/as-condutores/as:

- a) Estar en posesión do título de graduado escolar ou equivalente.

En caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación.

- b) Estar en posesión de carné de conducir B+C+D+E e o ADR transporte de mercadorías perigosas e explosivos.

Todos os requisitos enumerados nas presentes bases xerais e específicas deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da toma de posesión na escala á que se aspira.

- 3.- Taxa por dereitos de exame.- 17,21 euros.

4. PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo constará de dúas fases:

- Fase de oposición.
- Fase de concurso de méritos.

1º.- FASE DE OPOSICIÓN

Esta fase constará de 4 exercicios, ademais dunha proba de lingua e un recoñecemento médico que se cualificarán como apto ou non apto.

O cuarto exercicio, as probas físicas, cualificaranse de apto ou non apto.

A valoración total desta fase será de 30 puntos e constitúe o 60% da puntuación final.

EXERCICIOS

PRIMEIRO EXERCICIO. -Proba de coñecementos teóricos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na contestación por escrito, no tempo máximo de 60 minutos dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha das que só una delas será correcta, correspondentes ao contido do anexo I (parte xeral e parte específica), que serán propostas polo tribunal.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo eliminados aqueles aspirantes que non consigan a puntuación mínima de 5 puntos.

Cada pregunta correcta terá un valor de 0,2 puntos

Cada pregunta incorrecta terá un valor negativo de -0,06

As preguntas en branco non puntúan.

Os opositores deberán responder igual a 10 preguntas de reserva a utilizar polo tribunal no suposto de impugnación e posterior anulación dalgunha das 50 preguntas nas que consiste o presente exercicio. No caso de que a impugnación e anulación consista en

número de preguntas superior ás 10 establecidas como de reserva, a puntuación mínima e a valoración alterarase proporcionalmente a tal circunstancia.

SEGUNDO EXERCICIO. Proba de rúas

Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, no prazo de 30 minutos, un cuestionario tipo test de 30 preguntas baseadas na resolución de supostos (traxecto entre dous puntos, localización dun punto, nome de rúas, etc.) en relación todas elas co municipio de Narón.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo eliminados aqueles aspirantes que non consigan a puntuación mínima de 5 puntos

Preséntase con catro respostas alternativas sendo só una delas correcta ou a máis correcta.

Cada pregunta correcta terá un valor de 0,33 puntos

Cada pregunta incorrecta terá un valor negativo de -0,11

As preguntas en branco non puntúan.

TERCEIRO EXERCICIO. - Destreza no manexo de ferramentas e vehículos

Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá no manexo de ferramentas e útiles propios da profesión, así como a de condución e estacionamento de vehículos do SPEIS Narón nun tempo establecido polo tribunal.

Constará dunha ou varias probas prácticas establecida polo tribunal para comprobar o coñecemento e destreza dos aspirantes no manexo de ferramentas e vehículos, o bo uso destes, así como a eficacia na execución.

No anexo III indícanse as características das ferramentas e vehículos a utilizar.

O tempo máximo de realización indicarao o tribunal antes do inicio de cada exercicio.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso obter unha puntuación de 5 puntos para superalo.

CUARTO EXERCICIO. -Probas de aptitude física - probas físicas

Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización de todas as probas físicas que se indican no anexo IV.

Para aprobar este exercicio deberá superarse cada unha das 5 probas sendo, polo tanto, cada unha delas eliminatoria. Cada unha das probas cualificarase de apto ou non apto en función de que se superen as marcas mínimas establecidas. A cualificación de non apto supón a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

O mesmo día de inicio das probas físicas o aspirante deberá presentar xunto co documento nacional de identidade un certificado médico en impreso oficial, asinado por un colexiado en exercicio, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións precisas para realizar as probas físicas que figuran nas presentes bases de axente de prevención, extinción de incendios e salvamento do Concello de Narón. A non presentación deste certificado descualifica ao opositor para seguir no proceso selectivo.

PROBA DE LINGUA. -Coñecemento da lingua galega

Consistirá en traducir do castelán ao galego un texto sinalado polo tribunal nun tempo máximo de 20 minutos. O exercicio cualificarase de apto ou non apto. A cualificación de non apto supón a exclusión do aspirante do proceso selectivo. Quedará exento da proba de galego quen acredite estar en posesión do certificado de galego, Celga 3, homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

PROBA MÉDICA. -Recoñecemento médico

Os aspirantes unha vez rematados todos os exercicios, deberán superar un recoñecemento médico en base ao cadro de exclusións médicas do Anexo V. Esta proba cualificarase de apto ou non apto, a non superación desta proba suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

2º FASE CONCURSO

Esta fase terá unha puntuación máxima de 20 puntos e constitúe o 40% da nota final. Consistirá na valoración polo tribunal, segundo o seguinte baremo en función dos méritos que acrediten os aspirantes.

PRIMEIRO. Experiencia profesional nos últimos tres anos ata un máximo de 9 puntos, da seguinte maneira:

-Servizos prestados no mesmo posto e especialidade da que se pretenda formar parte en parques de bombeiros dunha Administración pública xustificadas mediante certificación da entidade pública onde se prestasen os servizos. A puntuación farase a razón de 0,25 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

-Servizos prestados no mesmo posto e especialidade da que se pretenda formar parte, nunha Administración pública sen que teña consideración formal de parque de bombeiros xustificadas mediante certificación da entidade pública onde se prestasen os servizos. A puntuación farase a razón de 0,15 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

-Servizos prestados no mesmo posto e a mesma especialidade, da que se pretenda formar parte en centros, entidades ou empresas públicas xustificadas mediante fotocopia dilixenciada do contrato de traballo e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. A puntuación farase a razón de 0,10 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

-Servizos prestados no mesmo posto e a mesma especialidade, da que se pretenda formar parte en centros, entidades ou empresas privadas xustificadas mediante fotocopia dilixenciada do contrato de traballo e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. A puntuación farase a razón de 0,05 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

SEGUNDO. Cursos de formación ou perfeccionamento.

Ata un máximo de 6 puntos.

-Cursos directamente relacionados co posto a desempeñar e/ou cos contidos da parte específica do anexo I destas bases, a valorar da seguinte maneira:

- Cursos de 20 ata 39 horas----- 0,20 puntos
- Cursos de 40 ata 59 horas----- 0,40 puntos
- Cursos de 60 ata 79 horas----- 0,60 puntos
- Cursos de 80 ata 100 horas----- 0,80 puntos
- Cursos de 101 ata 200 horas----- 1,00 puntos
- Cursos de 201 ata 300 horas----- 1,25 puntos
- Cursos de máis de 300 horas----- 1,50 puntos

Os cursos deberán estar impartidos por organismos públicos ou estar debidamente homologados por entidades públicas.

TERCEIRO. Formación específica

-Estar en posesión do título de instructor en soporte vital básico e DESA acreditado por algunha das entidades recoñecidas pola Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061, ou entidade pública equivalente. Valorarase con 4 puntos.

-Estar en posesión do título de patrón de navegación básico ou superior. Valorarase con 1 punto.

CUALIFICACIÓN DA FASE DE CONCURSO. - A cualificación da fase de concurso farase pública con respecto a aqueles aspirantes que teñan superada a fase de oposición. Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación da fase de oposición, sen que poidan ser aplicados para superar os exercicios da última fase citada. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso, para a presentación de alegacións. A persoa aspirante responsabilizarase da veracidade dos documentos achegados.

Estas alegacións, que non terán carácter de recurso, serán admitidas ou denegadas por medio da resolución que aprobe a relación definitiva de aspirantes que superen o concurso-oposición, que será elevada polo correspondente tribunal cualificador á Alcaldía-Presidencia, ordenada pola puntuación obtida unha vez sumadas as puntuacións da fase de oposición e da fase de concurso.

CUALIFICACIÓN FINAL

Os puntos da fase do concurso sumaranse á puntuación obtida na oposición para os efectos de establecer a orde definitiva de persoas aspirantes aprobadas. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar a fase de oposición. A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso. En caso de empate na puntuación final, a orde establecerase atendendo en primeiro lugar á maior puntuación obtida na fase de oposición, en segundo lugar, á maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional e en caso de persistir o empate estarase á maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA DE PROBAS SELECTIVAS PARA PROVER UNHA PRAZA DE OFICIAL DO CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE NARÓN**1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto desta convocatoria é a provisión dunha praza de oficial de emerxencias bombeiros, funcionarios/as da Administración especial, subescala labores especiais, clase extinción de incendios grupo C, subgrupo C.1

1. FUNCÍONS DAS PRAZAS. Ao persoal titular destas prazas corresponderalle:

- Desempeñar as funcións da xefatura dunha das subunidades en que se divida o Servizo de SPEIS.
- Propor a activación o Plan territorial de emerxencia municipal naqueles sinistros ou emerxencias que corresponda e asumir a xefatura, se é o caso, substituíndo en ausencia do xefe/a de servizo e/ou o inspector/a a dirección deste.
- Dirixir e coordinar todos os protocolos e plans de actuación confeccionados polo servizo, en relación con actuacións de Protección Civil.
- Planificar e organizar os recursos humanos da subunidade operativa, seguindo as directrices marcadas pola Xefatura do servizo e/ou inspector/a
- Planificar e organizar a formación e preparación física de axentes bombeiros/as.
- Realizar o correspondente parte de actuación daqueles servizos nos que se asuma a súa dirección.
- Realizar informes sobre as necesidades organizativas, de persoal e recursos materiais da subunidade.
- Colaborar coa xefatura do servizo nos traballos especiais que lle fosen encomendados en relación co servizo, tanto teóricos como prácticos, tales como estudos sobre vehículos, equipos e ferramentas, organización de actividades formativas e divulgativas, etc., elaborando as análises, estudos e informes correspondentes.

- Desempeñar cantos outros labores se deriven da natureza e necesidades do servizo, en orde ao seu grao xerárquico dentro do servizo.
- Substituír en caso de ausencia, á xefatura do servizo.
- Calquera outra referida no regulamento do servizo de Speis Narón.

Así mesmo, os oficiais estarán obrigados a manter en forma continuada as súas condicións de aptitude física e profesional, mediante a asistencia a cursos de formación física, teórica e prácticas, así como asistir aos cursos de perfeccionamento profesional considerados necesarios pola xefatura do servizo.

2. REQUISITOS

Ademais dos requisitos xerais expresados na base segunda das bases xerais, os aspirantes deberán reunir os seguintes:

a) Estar en posesión ou en condicións de obter o título de bacharelato superior ou equivalente.

En caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación.

b) Estar en posesión do título de instrutor en soporte vital básico e DESA acreditado por algunha entidade pública recoñecida e PNB ou PER patrón de navegación básica ou equivalente acreditada por Administración pública.

c) Estar en posesión de carné de conducir B+C

d) Non estar incluído no cadro de exclusións establecido para o Corpo de Bombeiros do Concello de Narón, que figura como anexo VI das presentes bases.

Todos os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da toma de posesión na escala á que se aspira.

3.- Taxa por dereitos de exame.- 17,21 euros.

4.- PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo constará de dúas fases:

-Fase de oposición.

-Fase de concurso de méritos.

1º.- FASE OPOSICIÓN

Esta fase constará de 4 exercicios, ademais dunha proba de lingua e un recoñecemento médico que se cualificarán como apto ou non apto.

O cuarto exercicio, as probas físicas, cualificaranse igualmente como apto ou non apto.

A valoración total desta fase será de 30 puntos e constitúe o 60% da puntuación final.

EXERCICIOS

PRIMEIRO EXERCICIO.- Proba de coñecementos teóricos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na contestación por escrito, no tempo máximo de 90 minutos, dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha das que só una delas será correcta, correspondentes ao contido do Anexo II das presentes bases.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo eliminados aqueles aspirantes que non consigan a puntuación mínima de cinco puntos.

Cada resposta correcta puntúa 0,1 puntos

Cada resposta errónea resta 0,03 puntos

As preguntas en branco non puntúan

Os opositores deberán responder igual a 10 preguntas de reserva a utilizar polo tribunal no suposto de impugnación e posterior anulación dalgunha das 100 preguntas nas que consiste o presente exercicio. No caso de que a impugnación e anulación consiga un número de preguntas superior ás 10 establecidas como de reserva, a puntuación mínima e a valoración alterarase proporcionalmente a tal circunstancia.

SEGUNDO EXERCICIO.- Exercicio teórico-práctico

Consistirá na resolución dun suposto relacionado co temario do anexo II. Consistirá en facer o deseño dun plan ou proposta de resolución dun problema utilizando ferramentas de:

- Diagnóstico e deseño.
- Análise de posibles solucións e xustificación de alternativa elixida, se é o caso.
- Medidas preventivas a tomar

Medidas preventivas a tomar.

Procedemento regulamentario a seguir, se é o caso.

Avaliación do proceso.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de dúas horas.

O material profesional necesario que poderá traer o aspirante para a realización do exercicio, será indicado polo tribunal na convocatoria deste.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso obter unha puntuación de 5 puntos para superalo.

TERCEIRO EXERCICIO.- Proba de rúas

Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, no prazo de 30 minutos, un cuestionario tipo test de 30 preguntas baseadas na resolución de supostos (traxecto entre dous puntos, localización dun punto, nome de rúas, etc.) en relación todas elas co municipio de Narón.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo eliminados aqueles aspirantes que non consigan a puntuación mínima de 5 puntos.

Preséntase con catro respostas alternativas sendo só unha delas correcta ou a máis correcta.

Cada pregunta correcta terá un valor de 0,33 puntos.

Cada pregunta incorrecta terá un valor negativo de -0,11.

As preguntas en branco non puntúan.

CUARTO EXERCICIO.- Probas de aptitude física - probas físicas

Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización de todas as probas físicas que se indican no anexo IV destas bases.

Para aprobar este exercicio deberá superarse cada unha das probas sendo, polo tanto, cada unha delas eliminatoria. Cada unha das probas cualificarase de apto ou non apto en función de que se superen as marcas mínimas establecidas. A cualificación de non apto supón a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

O mesmo día de inicio das probas físicas, o aspirante deberá presentar xunto co documento nacional de identidade un certificado médico en impreso oficial, asinado por un colexiado en exercicio, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións precisas para realizar as probas físicas que figuran nas presentes bases de axente de prevención, extinción de incendios e salvamento do Concello de Narón. A non presentación deste certificado descualifica ao opositor para seguir no proceso selectivo.

QUINTO EXERCICIO.- Coñecemento da lingua galega

Consistirá en traducir do castelán ao galego un texto sinalado polo tribunal nun tempo máximo de 20 minutos. O exercicio cualificarase de apto ou non apto. Quedará exento da proba de galego quen acredite estar en posesión do certificado de galego, Celga 4, homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

PROBA MÉDICA.- Recoñecemento médico

Os aspirantes unha vez rematados todos os exercicios, deberán superar un recoñecemento médico en base ao cadro de exclusións médicas do anexo V. Esta proba cualificarase de apto ou non apto, a non superación desta proba suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo

1º.- FASE CONCURSO

Esta fase terá unha puntuación máxima de 20 puntos, e constitúe o 40% da nota final. Consistirá na valoración polo tribunal, segundo o seguinte baremo, en función dos méritos que acrediten os aspirantes.

PRIMEIRO. Experiencia profesional no últimos tres anos ata un máximo de 9 puntos, da seguinte maneira:

-Servizos prestados en parques de bombeiros dunha Administración pública xustificadas en posto de grupo C ou equivalente, mediante certificación da entidade pública onde se prestasen os servizos. A puntuación farase a razón de 0,25 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

-Servizos prestados en funcións de prevención e extinción de incendios dunha Administración pública en posto de grupo C ou equivalente xustificadas mediante certificación da entidade pública onde se prestasen os servizos. A puntuación farase a razón de 0,15 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

-Servizos prestados en funcións de prevención e extinción de incendios en posto de grupo C ou equivalente en centros, entidades ou empresas públicas xustificadas mediante fotocopia dilixenciada do contrato de traballo e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. A puntuación farase a razón de 0,10 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

-Servizos prestados en funcións de prevención e extinción de incendios en posto de grupo C ou equivalente en centros, entidades ou empresas privadas xustificadas mediante fotocopia dilixenciada do contrato de traballo e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. A puntuación farase a razón de 0,05 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

SEGUNDO. Cursos de formación ou perfeccionamento ata un máximo de 6 puntos.

Cursos directamente relacionados co posto a desempeñar e/ou cos contidos da parte específica do anexo xx destas bases, a valorar da seguinte maneira:

- Cursos de 20 ata 39 horas----- 0,20 puntos
- Cursos de 40 ata 59 horas----- 0,40 puntos
- Cursos de 60 ata 79 horas----- 0,60 puntos
- Cursos de 80 ata 100 horas----- 0,80 puntos
- Cursos de 101 ata 200 horas----- 1,00 puntos
- Cursos de 201 ata 300 horas----- 1,25 puntos
- Cursos de máis de 300 horas----- 1,50 puntos

Os cursos deberán estar impartidos por organismos públicos ou estar debidamente homologados por entidades públicas.

Curso básico de Protección Civil impartidos por organismos públicos ou estar debidamente homologados por entidades públicas. Valorarase con 4 puntos.

TERCEIRO. Por titulacións e premios

Por estar en posesión das seguintes titulacións e distincións. ata un máximo de 5 puntos:

- Titulación universitaria superior (licenciado, máster) en carreiras relacionadas coas funcións da praza. 4 puntos
- Titulación universitaria, diplomatura ou grao, en carreiras relacionadas coas funcións da praza. 3 puntos
- Titulación universitaria superior (licenciado, máster) sen relación coas funcións da praza. 2 puntos
- Titulación universitaria, diplomatura ou grao, sen relación coas funcións da praza. 1 punto
- Premios e distincións en competicións profesionais e deportivas. 1 punto

CUALIFICACIÓN DA FASE DE CONCURSO.- A cualificación da fase de concurso farase pública con respecto a aqueles aspirantes que teñan superada a fase de oposición. Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación da fase de oposición, sen que poidan ser aplicados para superar os exercicios da última fase citada. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso para a presentación de alegacións. A persoa aspirante responsabilizarase da veracidade dos documentos achegados

Estas alegacións, que non terán carácter de recurso, serán admitidas ou denegadas por medio da resolución que aprobe a relación definitiva de aspirantes que superen o concurso-oposición, que será elevada polo correspondente tribunal cualificador á Alcaldía-presidencia, ordenada pola puntuación obtida unha vez sumadas as puntuacións da fase de oposición e da fase de concurso.

CUALIFICACIÓN FINAL

Os puntos da fase do concurso sumaranse á puntuación obtida na oposición para os efectos de establecer a orde definitiva de persoas aspirantes aprobadas. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar a fase de oposición. A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso. En caso de empate na puntuación final, a orde establecerase atendendo en primeiro lugar á maior puntuación obtida na fase de oposición, en segundo lugar, á maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional e en caso de persistir o empate estarase á maior puntuación no primeiro exercicio da oposición.

Narón, 11 de outubro de 2018

A alcaldesa

Marian Ferreiro Díaz

2018/7601